

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

**Minimos esixibles:**

- **Comprender o cambio fundamental que produxo o inicio da Idade Media coa fractura da unidade política do Mediterraneo feita polos romanos. Plasmar esta comprensión en mapas históricos e eixos cronolóxicos.**
- **Identificar e describi-los aspectos socioeconómicos, políticos e ideolóxicos da Europa feudal e a súa evolución ata a aparición do estado moderno**
- **Identificar e situar cronolóxicamente e xeograficamente os principais pobos, sociedades e culturas que se desenvolveron na Península Ibérica antes da época moderna e analiza-las súas achegas á nosa civilización a partir dos vestixios existentes.**
- **Analizar os trazos básicos dos estilos artísticos medievais. Facer un estudo máis práctico dos monumentos e obras de arte de nosa Comunidade e da localidade.**
- **Elaborar pequenos informes sobre culturas distintas da propia, empregando de forma crítica a informacións dos medios de comunicación**
- **Identificar e describi-los aspectos socioeconómicos, políticos e ideolóxicos máis importantes da I. Moderna, e coñecer os cambios fundamentais co respecto ó Feudalismo.**
- **Coñecer os principais artistas do Renacemento. Estudiar unha obra de arte galega deste tempo.**
- **Comprender a preponderancia na Europa do Renacemento do Imperio español. Saber facer un eixo cronolóxico e un cadro de Estudo diferenciando o auxe e**

a Crise do Imperio español.

- Coñece-la distribución da poboación no mundo, diferenciando rexións e estados pola densidade de poboación, a súa dinámica e estrutura, aplicando os conceptos de superpoboación, migración e avellentamento a distintas escalas.
- Participar en debates e discusións, empregando argumentacións razoadas con actitude crítica e tolerante
- Elaborar informes traballando en grupo sobre cuestións problemáticas da vida cotiá no mundo actual.
- Realizar de forma individual ou en grupo, coa axuda do profesor, un traballo sinxelo de carácter descritivo (observación, prensa, bibliografía, páxinas web, etc.), seleccionando a información pertinente, integrándoa nun esquema ou guión e comunicando con corrección e co vocabulario adecuado os resultados do estudo.

## **5 .CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

- ❖ **Avaliación das actitudes e comportamentos: 10%.**
- ❖ **Avaliación dos contidos: 60%.**
- ❖ **Avaliación do caderno, traballos individuais e en grupo: 30%.**

**Probas específicas de avaliación:**

**O obxectivo destas probas é constatar si o alumno aprendeu e é capaz de aplica-los conceptos e ou técnicas concretas de cada tema, bloque temático ou globalidade.**

**Nestas probas farase referencia ós contidos desenvolvidos**

nos temas anteriores, relacionados cos novos para evitar romper a unidade das materias e compartimentar a aprendizaxe. Seguirase un proceso de avaliación continúa dos contidos. Nun proceso de *Avaliación sumativa*

Cada avaliación constará de a lo menos de dous controis de seguimento do coñecemento da materia desenvolto durante o periodo da avaliación, e un control final ou exame de avaliación, onde se integrarám todos os contidos dados o longo da avaliación e avaliacións anteriores.

. O alumno poderá recuperar a nota de contidos non aprobados nos controis sucesivos cun 5 no exame de avaliación ,sempre que a nota dos controis sexa superior a 3,50. De non ser así terá que acadar unha nota media superior ao 6 para acadar o aprobado nestas probas.

-O alumno que non aprobe a avaliación , unha vez valorados todos os criterios, terá que realizar exercizos de reforzo e recuperación dos contidos non acadados.

Realizaranse as seguintes probas, segundo o aspecto a avaliar:

- I. Probas de aplicación dos coñecementos e habilidades aprendidas.
- II. Interpretación de datos: gráficos, mapas, planos. Avalía a capacidade de aplicación practica dos conceptos adquiridos a novos exemplos.
- III. Exposición de temas. Avalía a capacidade de organización, síntese e expresión oral.
- IV. Probas sobre aprendizaxe de conceptos. Avalía a claridade de ideas, a capacidade de expresión, o coñecemento do vocabulario específico das CCSS.
- V. A elaboración de esquemas.
- VI. Probas obxectivas. Avalía a capacidade de concentración, a súa seguridade e confianza e a claridade e decisión coa que manexan diferentes conceptos e

**coñecementos.**

**VII. Probas de investigación. Traballos individuais ou en grupo. Avalía a búsqueda de información, a capacidade de argumentación, a elaboración de conclusións. Poden ser moi axeitadas para a avaliación de temas transversais actitudinais.**

**Realizaranse as seguintes probas, segundo o aspecto a avaliar:**

**1º- Definición e explicación de termos ou conceptos de carácter histórico, ou artístico e xeográfico**

**2º- Resolución dalgún suposto práctico ou elaboración dunha gráfica (colocación nun mapa dun conxunto de elementos físicos ou políticos, realización dun cálculo dalgún parámetro demográfico, elaboración dun eixe cronolóxico, etc...), ou ben realización por parte do alumno dun comentario de texto histórico ou xeográfico (guiados) ou comentarios dalgunha representación gráfica (económica, demográfica, mapa histórico)**

**3º- Desenvolvemento dunha cuestión teórica a partir dun enunciado proposto polo profesor con indicación daqueles puntos principais a tratar polos alumnos.**

**4º- Exercicios de síntese ou esquematización daquelas cuestións propostas polo profesor.**

**Se fose o caso, o resto da proba ata completar os 10 puntos, constará daquelas cuestións e supostos que o profesor da asignatura estime oportunos en cada momento, informando previamente ós alumnos, e loxicamente aténdose ás características do alumnado, particularidades do proceso de ensinanza-aprendizaxe, etc...**

## **6. CONTIDOS MÍNIMOS, E COMPETENCIAS BÁSICAS POR AVALIACIÓN.**

**Son contidos mínimos prioritarios para tódalas avaliacións:**

- ❖ **A utilización do vocabulario específico da asignatura e a utilización de esquemas de estudo.**
- ❖ **A elaboración de liñas de tempo en Hº.**
- ❖ **A situación correcta no mapa de lugares, paisaxes rurais e urbanos, feitos demográficos.**
- ❖ **A comprensión de textos axeitados e a redacción de temas co vocabulario específico de Hº e Xeografía.**

### **1ª AVALIACIÓN: UNIDADE 1 - UNIDADE 5**

- **Causas da crise do imperio romano.**
- **Características dos reinos xermanos.**
- **Orixe do islam etapas da súa historia. Al Andalus. 1º Núcleos de resistencia cristiá**
- **Importancia da civilización e a cultura islámica**
- **Coñecer quen era Carlomagno**
- **Descibir a expansión dos reinos cristiáns na P. Ibérica**
- **Analizar a presenza simultánea das culturas cristiá, islámica e xudía na Península.**
- **Trazos fundamentais da historia de Galicia na Idade Media.**
- **Explicar o concepto de feudalismo e situar o seu desenvolvemento durante a Idade Media.**
- **Características da sociedade estamental. Privilexiados e non privilexiados.**
- **Coñecer as características principais da arquitectura, a escultura e a pintura románicas.**

- desenvolvemento económico do século XIII.
- rexurdir das cidades. Causas por que renaceron as cidades. A cidade medieval como a orixe de moitas das nosas cidades
- Nacemento da burguesía urbana.
- xurdir das primeiras universidades.

Características principais da arquitectura, a escultura e a pintura góticas

## **2º AVALIACIÓN: UNIDADE 6- UNIDADE 11**

Os avances técnicos e científicos que melloraron a navegación.

As grandes exploracións: casteláns e portugueses.

Descubrimento de América e a primeira volta ao mundo.

Os cambios sociais da I. Moderna

A aparición das monarquías autoritarias.

A monarquía autoritaria dos Reis Católicos, trazos fundamentais

O Humanismo .As formas de difusión.

O estilo artístico renacentista: arquitectura, pintura e escultura.

Obras principais e artistas máis importantes.O caso de España

A Reforma e a Contrarreforma.

A Auxe do Imperio español no S. XVI.Carlos I e Felipe II.Conflictos internos e externos.

A Conquista e colonización de América.

O S. XVII.A Crise do Imperio español.Os feitos fundamentais da crise Felipe III

O fin da hexemonía europea. O reinado de Felipe IV.

Galicia na Idade Moderna.

Características principais da monarquía absoluta: Francia.

Inglaterra e as Provincias Unidas.

A Arte Barroca . Arquitectura, escultura e pintura.Principais trazos. Escolas europeas.

O século de ouro da pintura española.

O Barroco Galego

## **3ª AVALIACIÓN: UNIDADE 12- UNIDADE 14**

**A evolución da poboación mundial ao longo da historia.**

**A desigual distribución da poboación mundial. Países e rexións. Repaso descriptiva.**

**Os índices de natalidade, de fecundidade e de mortalidade.**

**Os factores que explican as diferenzas entre a poboación de distintas zonas do mundo.**

**As características principais da poboación española e da galega. Repaso descriptiva**

**As sociedades rurais, industriais e postindustriais.**

**A diversidade das sociedades humanas.**

**As transformacións sociais: cambios individuais e revolucións.**

**Trazos principais da sociedade occidental actual.**

**Trazos principais da sociedade galega actual. As etapas da emigración galega.**

**Os grandes problemas e conflitos sociais.**

**O hábitat rural e o hábitat urbano: as súas principais características.**

**Os principais compoñentes da paisaxe urbana.**

**A estrutura das cidades.**

**Crecemento das cidades.**

**As características das cidades nos países desenvolvidos e nos subdesenvolvidos**

**A historia das cidades europeas.**

**A poboación rural en España e a súa evolución.**

**A poboación urbana en España.**

**A rede urbana española.**

**Os concellos e a xestión das cidades.**

**Poboamento rural e urbano de Galicia. As cidades galegas e as súas funcións.**

**Os principais problemas das cidades españolas e galegas.**